Alnus glutinosa (L.) Gaertn., 1790

- amieiro, ameneiro
- aliso común
- haltza
- vern
- alder
- amieiro



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Betulaceae**	***Alnus***

ORIXE

Europa, o noroeste de África e Asia occidental.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de ata 25 metros de altura e coa copa piramidal. Codia gris apardazada, interrompida en campos alongados ou máis ou menos cuadrangulares. Xemas longamente pecioladas, oval - lanceoladas, de cor marrón. Follas alternas, de 4 a 10 cm de lonxitude, de contorno amplamente cuneiforme, coa máxima anchura no terzo anterior da folla, tan só un pouco acuminadas ou co vértice retuso (o máis frecuente), borde pouco profundamente bidentado e lixeiramente ondulado, con ambos os lados provistos de 5 a 8 nervios foliares. As flores aparecen antes da saída das follas, de maneira que, mesmo co aspecto invernal das árbores, resultan claramente visibles. Especie monoica.

HÁBITAT

Prefire solos húmidos e ben drenados, que poden permanecer temporalmente inundados, de textura lixeira ou pedregosa. É unha árbore común en climas temperados e actúa como especie pioneira.

DISTRIBUCIÓN

Frecuente e ben distribuída por toda Europa ao longo de regatos , así coma en bosques de ribeira.

CURIOSIDADES

A súa madeira cambia de cor ao ser cortada, de cor clara a amarela alaranxada.